

BASES PARA PARTICIPAR NOS “PREMIOS DE OUTONO”

FEIRA DO OUTONO DE ALLARIZ 2019

CESTAS DE OUTONO

As compras realizadas nalgún dos postos localizados no pavillón do IES de Allariz, con motivo da Feira de Outono, serán premiadas a través do sorteo das Cestas de Outono.

Con cada compra dalgún dos produtos á venda na Feira de Outono, o/a comprador/a recibirá un **boleto** que deberá cubrir e depositar nunha urna dedicada a tal fin no posto de información dentro do pavillón do IES.

Os sorteos celebraranse:

- Sábado 16 de novembro de 2019 ás 20:00h
- Domingo 17 de novembro de 2019 ás 14:00h
- Domingo 17 de novembro de 2019 ás 19:30h

É condición necesaria para ser agraciada con algún dos premios que a persoa premiada se atope no pavillón da Feira no momento do sorteo.

Non se permite a participación no sorteo dos/as expositores/as e membros da organización. De ser o caso, a cesta de Outono volverá ser sorteada.

XANTAR DE OUTONO

Todas aquelas persoas que, dende o 15 ao 16 de novembro, degusten un Menú ou Tapa de Outono, nalgún dos restaurantes participantes (ver folleto) recibirán xunto co seu menú un **boleto** que, despois de encher cos seus datos, deben depositar nunha urna instalada no pavillón onde se celebra a Feira de Outono.

O sorteo dun Xantar de Outono para dúas persoas terá lugar o domingo 17 de novembro ás 14:00h.

Non se permite participar aos/ás propietarios/as dos establecementos nin empregados/as. De ser o caso, o Xantar de Outono volverá ser sorteado.

CONCELLO DE ALLARIZ

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA – 988 442 210/ 678 680 700 dinamizacioneconomica@allariz.com